

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 2003

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou en 2003 o seu decimo ano de andaina cos obxectivos de facilitar axudas académicas ós estudantes universitarios e proporcionar apoio económico para o desenrolo cultural e educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu, cumprindo cos fins recollidos nos estatutos fundacionais da nosa entidade benéfico-docente.

Ó longo do pasada ano, a FUNDACION NOVAS convocou unha nova edición das suas becas e axudas para universitarios. Neste senso, o Padroado da Fundación recibiu varias peticións para acceder a estas becas. Reunido o Padroado no mes de agosto, decidiuse non conceder ningunha nova axuda por non reunir os candidatos as condicións establecidas nas bases da convocatoria. Tamén se toma o acordo de manter as axudas para Emilio Agulla Lemos. O noso becado segue cursando a Licenciatura de Dereito cun expediente académico extraordinario. O Padroado decidiu concederlle unha axuda de 1.052 euros.

O Padroado da Fundación tamén tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de 301 euros ó Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural de

San José, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio, cun salientable éxito de participación.

Tamén este ano, o Padroado da Fundación tomou o acordo de conceder unha axuda á Asociación Moz@s de Beluso, para colaborar coa organización e patrocinio do Festival A Noite do Trasnó, que se celebrou no mes de agosto na parroquia de Beluso. A decisión estivo motivada polo gran labor que está desenvolver esta asociación de mozas e mozos da nosa parroquia para recuperar a memoria histórica e as tradicións de Beluso.

PARQUE PÚBLICO PARA O FUNDADOR JOSÉ NOVAS

Esta Fundación tamén recibiu con gran Leticia a nova de que a Corporación Municipal de Bueu tomou o acoro de denominar ao novo espacio de mecer construído na parroquia de Beluso co nome do noso Fundador. Esta decisión tomouse tras coñecer o falecemento do noso Fundador e Presidente de Honra, D. José Novas Regueira, o día 17 de xuño de 2002. Semanas máis tarde, dende o grupo de goberno do Concello de Bueu comunicouse a este Padroado que o futuro parque público da parroquia de Beluso levará o nome de Don José Novas Regueira, en recoñecemento polo seu labor a prol do desenvolvemento educativo e socio-cultural de Beluso e do Concello de Bueu. Este xesto foi agradecido polo Padroado ao equipo de goberno municipal.

O sábado día 17 de maio de 2003, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, a corporación municipal organizou un acto en Beluso para proceder a inauguración do espacio de mecer e parque infantil que leva o nome de Don José Novas Regueira. A este acto asistiron familiares do noso Fundador e numerosos veciños, así como representantes dos distintos grupos da corporación municipal, co seu alcalde, D. Tomás Barreiro, ao fronte. O Padroado da Fundación, por medio do seu Presidente, D. Jesús Portela Medraño, agradeceu a decisión tomada pola corporación e transmitiu o agradecemento da familia Novas Regueira e dos membros e persoas vencelladas á Fundación de que o nome do noso Fundador, nomeado Fillo Predilecto do Concello de Bueu, figure para sempre na memoria desta parroquia á que tanto quiso e nunca esqueceu, e que se viu refrendada pola creación da nosa entidade benéfico-docente co obxectivo de servir aos intereses educativos e culturais deste pobo.

PADROADO DA FUNDACIÓN

O Padroado da Fundación Novas non rexistrou ningún cambio na súa composición ó longo do pasado exercicio e segue a estar formado polas seguintes persoas:

Presidente: D. Jesús Portela Medraño

Vicepresidente: D. Francisco León Gómez

Tesoreiro: D. Manuel Novas Rey

Secretario: D. José Otero Baena

Vocal: Dña. María Luisa Reboiras Heras

Esta é a Memoria Social de Actividades do ano 2003 da
Fundación que presido.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado